

PROCEDIMENTO DE RECLAMACIÓN APELACIÓN PROBAS DA FEGATRI

Artigo 9) do Regulamento de Competicións da FEGATRI

1

9.1.-Xurado de Competición

Designado polo Delegado Técnico, e formado por Delegado/a Técnico/a, que será o/a presidente/a do mesmo. Un/unha representante designado/a pola Federación Galega de Triatlón. Un/unha representante/ Técnico dun club. Os nomes dos integrantes do Xurado de competición, serán anunciados na reunión técnica ou antes do inicio da competición.

O Xuíz Árbitro e os/as oficiais involucrados/as nas apelacións presentadas deberán estar localizables para poder ser consultados sobre os feitos controvertidos.

Si algún/a integrante do Xurado de Competición ten vínculos de calquera natureza con algunha das partes implicadas ou afectadas pola apelación, non poderá tomar parte no proceso, e deberá ser substituído por outra persoa. Se máis de un dos integrantes do Xurado de competición estivese no caso de ter vínculos coas partes implicadas por unha apelación, deberá nomearse outro xurado de competición novo a criterio do Delegado Técnico.

O Xurado de competición pode invitar expertos para aportar información, con dereito a voz, pero non a voto.

9.2.-Ferramentas Tecnolóxicas

Os oficiais poderán facer uso de calquera tipo de ferramenta electrónica ou tecnolóxica que apoien o ter datos ou evidencias sobre as circunstancias na competición.

9.3. Reclamacións e Apelacións

As persoas ou entidades participantes nas probas de competencia da Federación Galega de Triatlón poderán interpor reclamacións, apelacións e recursos fronte ás decisións e resolucións que afecten aos seus dereitos en relación aos regulamentos e normativas técnicas que rexen a competición.

9.3.1 Reclamacións

a) A reclamación é a acción exercitada ante o Xuíz Árbitro, por unha persoa ou entidade participante, ou que se dispoña a participar nunha proba, en relación aos seguintes aspectos.

- i) Fronte á listaxe de saída
- ii) Fronte aos resultados.
- iii) Fronte aos percorridos.
- iv) Fronte á actitude doutro/a participante.
- v) Fronte a eventuais irregularidades existentes na organización da competición.
- vi) Fronte ao equipamento.

b) O prazo de presentación das reclamacións será o seguinte:

1.- As previstas no apartado (i): antes da reunión técnica ou, de non existir esta, ata unha hora antes da primeira saída da xornada. Tales reclamacións deberán ser resoltas con anterioridade ao inicio da proba.

2.- As previstas no apartado (ii).- ata quince minutos despois do máis tardío de calquera dos seguintes feitos: publicación provisional de resultados no taboleiro de anuncios ou entrada en meta do participante implicado. No caso de erros tipográficos, que non afecten ás decisións do Xuíz Árbitro, este prazo poderá ampliarse ao seguinte día hábil posterior á celebración da competición.

3.- As previstas nos apartados (iii) a (vi), ambos inclusive, do epígrafe anterior deste artigo: ata quince minutos despois do máis tardío de calquera dos seguintes feitos: publicación provisional de resultados no taboleiro de anuncios ou entrada en meta do participante implicado. Tales reclamacións deberán ser resoltas no prazo máximo de 48 horas dende a presentación do escrito coa reclamación.

- c) As reclamacións serán formuladas por escrito e entregadas ou remitidas ao Xuíz Árbitro. Xunto ao abono dunha taxa de fianza mínima de 20€ (no caso de ser superior a 20€ como máximo será igual á metade da cota de inscrición e publicárase o seu importe ao comezo da proba). Esta cantidade será reintegrada ao reclamante no caso de estimarse integramente a reclamación polo Xuíz Árbitro.
- d) O escrito de reclamación presentado debe facer constar e aportar canto segue:
- i) Feitos ou situación reclamada
 - ii) Fundamentos ou argumentos que sosteñen a reclamación.
 - iii) Probas aportadas.
 - iv) Medidas cautelares solicitadas.
 - v) Petición ou reclamación expresa formulada.
- e) O Xuíz Árbitro poderá acordar mediante resolución escrita, a non admisión dunha reclamación nos seguintes casos:
- i) Se está presentada fóra de prazo
 - ii) Se as cuestións solicitadas e expostas non se axustan aos aspectos reflectidos no apartado a) deste artigo.
 - iii) Se non fose presentada segundo o procedemento establecido no apartado c) do presente artigo.
 - iv) Medidas cautelares solicitadas.
 - v) Se no seu contido faltase algún dos aspectos recollidos no punto d) do presente artigo
- f) O Xuíz Árbitro, con carácter previo a emitir a resolución sobre a reclamación, poderá ordenar a práctica de cantas dilixencias entenda precisas. Ditas dilixencias poderán servir tanto para solicitar ou obter información complementaria en relación co obxecto de litixio ou controversia, como para conferir trámite de audiencia a cantas persoas ou entidades puidesen resultar directamente afectadas pola reclamación presentada. Igualmente, o Xuíz Árbitro pronunciarase de forma expresa sobre as medidas cautelares solicitadas polo reclamante.
- g) Analizada a reclamación presentada e practicadas as dilixencias que se tivesen acordado, o Xuíz Árbitro ditará a correspondente resolución, por escrito e motivada, desestimando ou estimando a reclamación, total ou parcialmente.
- h) As resolucións das reclamacións presentadas ao Xuíz Árbitro, deberán ser ditadas no prazo máximo previsto para cada caso no epígrafe b) do apartado 2 do presente artigo.

- i) A resolución será notificada aos reclamantes e publicada a través dun mecanismo que garanta o seu coñecemento polo resto de persoas e entidades participantes na proba deportiva.
- j) Contra a resolución do Xuíz Árbitro, que afecte a resultados, poderá presentarse unha apelación.

9.3.2 Apelacións

a) Enténdese por apelación a acción exercitada por unha persoa ou entidade participante fronte as decisións e resolucións do Xuíz Árbitro. A apelación poderá presentarse tanto fronte a sancións impostas ou aplicadas, coma fronte a calquera outra decisión do Xuíz árbitro no curso da competición.

As apelacións poderán presentarse ante o Xurado de Competición.

Serán entregadas, por escrito, ao Xuíz Árbitro, no prazo máximo de 15 minutos despois do máis tardío destes feitos.

1. Publicación de resultados provisionais no taboleiro oficial.
 2. Entrada en meta do deportista implicado.
- b) Corresponde ao Xurado de Competición a resolución das apelacións presentadas fronte ás decisión e resolución do Xuíz Árbitro. Os procedementos de apelación garantirán os dereitos e garantías previstas nas disposicións normativas vixentes reguladoras do Procedemento Administrativo Común.
 - c) As apelacións serán formuladas por escrito e entregadas ao Xuíz Árbitro, xunto coa fianza establecida, que será como mínimo de 20 €, quen revisará en primeira instancia a súa decisión. De ratificarse na mesma entregará a apelación ao Xurado de Competición para que sexa este quen resolva o caso. No suposto de que o Xurado de Competición resolva a favor do recorrente, seralle devolto o importe da fianza depositada.
 - d) No caso de que a apelación chegue ao Xurado de Competición, o presidente do Xurado reunirse co resto de integrantes e intentará escoitar a todas as partes implicadas e estudar as probas aportadas. Se quen realiza a apelación non pode estar presente, os seus argumentos poden ser deixados por escrito xunto ao formulario de reclamación.
 - e) Practicadas e/ou analizadas todas as probas e alegacións presentadas, ditarase polo Xurado de competición a resolución correspondente, acordándose na mesma a estimación ou desestimación, total ou parcial, da apelación presentada.
 - f) As resolución das apelacións será publicada a través dun mecanismo que garanta o seu coñecemento polo resto de persoas ou entidades participantes. Ditas persoas, salvo que se tivese desestimado integramente a reclamación presentada, poderán recorrer á resolución ditada, presentando un Recurso ante o Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEGATRI, no prazo de 2 días hábiles dende a súa notificación ou publicación.

9.3.4.- Recursos fronte ás resolucións do Xurado de Competición.

- a) A decisión do Xurado de Competición poderá ser recorrida ante o Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEGATRI.
- b) Os recursos fronte ás resolución do Xurado de Competición poderán ser presentados ante o Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEGATRI no prazo de 2 días hábiles a contar dende o seguinte ao da celebración da proba. O escrito de recurso deberá ser acompañado no seu caso, das alegacións e probas de que intenten valerse os recorrentes na defensa do seu dereito e interese. No recurso presentado, o recorrente poderá solicitar a adopción de medidas cautelares que considere precisas.
- d) A resolución do citado Comité será ditada no prazo máximo de catro días hábiles posteriores á celebración da proba. A falta de resolución no prazo máximo previsto levará á desestimación por silencio. Operando o silencio negativo.

e) Mediante providencia, o Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEGATRI acordará a admisión a trámite do recurso presentado, pronunciándose na mesma sobre:

1. Posible emprazamento a calquera outras persoas ou entidades participantes que puidesen verse afectadas de forma principal e directa polo recurso presentado., conferíndolles un prazo para que poidan alegar e/ou aportar e/ou propoñer o que ao seu dereito e interese conveña.

2. As probas aportadas ou propostas, podéndose ordenar igualmente a práctica daquelas outras que o propio Comité entenda precisas para coñecer os feitos ou circunstancias que concorren.

3. A adopción das medidas cautelares que fosen solicitadas polo recorrente ou outras que sexan acordadas de oficio polo citado Comité que permanecerán no seu caso vixentes ata a emisión da resolución correspondente a través da cal se resolva o recurso presentado.

f) Practicadas e/ou analizadas todas as probas e alegacións presentadas, ditarase polo Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEGATRI a resolución correspondente, acordándose na mesma a estimación ou desestimación, total ou parcial, do recurso presentado. A resolución do Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEGATRI esgota a vía federativa, sen que fronte á mesma caiba recurso algún.

c) Presentado o recurso correspondente, O Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEGATRI acordará a admisión ou non admisión a trámite da mesma.